

O Tribunal do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación, (resonancia magnética nuclear), Grupo II, pola quenda de promoción interna, (Resolución reitoral do 3 de maio de 2023, DOG núm. 93 do 16.05.2023), na reunión do 22 de xaneiro de 2024,

ACORDOU:

PRIMEIRO: Facer públicos os seguintes CRITERIOS DE CORRECCIÓN do segundo exercicio da fase de oposición:

A resolución reitoral do 3 de maio de 2023 de convocatoria do proceso selectivo, establece no seu Anexo I:

“Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección.”

“ Segundo exercicio: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 120 preguntas tipo test, mais 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao programa que se relaciona no anexo II.

O tempo para a súa realización será de 125 minutos e a súa valoración de 0 a 25 puntos.”

O Tribunal acordou que as preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do Tribunal, non computan.

As respostas incorrectas non computarán negativamente.

SEGUNDO: Establecer que as preguntas de reserva, numeradas da 121 á 125, entrarán por orde a substituír á aquelas que se anulen en base a estimación das posibles reclamacións presentadas.

TERCEIRO: Facer públicos os seguintes aspectos organizativos:

- O chamamento das persoas aspirantes comezará ás 10:00 horas do día 2 de febreiro de 2024, diante da Sala de Videoconferencias, 2º piso, do edificio CACTUS, Santiago de Compostela.
- As persoas aspirantes deberán vir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.

- As persoas aspirantes deberán vir provistas de lapis número 2 e goma de borrar.
- A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal. Non obstante, as persoas aspirantes poderán abandonar a aula unha vez transcorridos os primeiros 10 minutos dende o comezo do exame.
- As persoas aspirantes teñen a obriga de entregar a folla de respostas do exame.
- O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan plantexar as persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.

CUARTO: Establecer que serán causas de exclusión do proceso selectivo:

- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo electrónico. Non se dispón de servizo de recollida ou depósito deste material.
- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o autorice o Tribunal, así como continuar escribindo unha vez se indique o remate do tempo de exame.
- Falar, copiar ou intercambiar información co exterior.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

Carmen Alvarez Lorenzo

Taboleiro Electrónico da USC

Páxina web das convocatorias da Subárea de Planificación de PAS

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN ISABEL ALVAREZ LORENZO, NIF ***8792**, 22/01/2024 13:51:32.

CSV: C967-417B-4816-81A3